

**XA QUEDA MENOS!!****6º Curso****MATEMÁTICAS**

1. Completa la siguiente tabla:

	5,47	16,63	24,38	205,74	0,55
Redondeo a la décima					
Redondeo a la unidad					

2. Un frasco de jarabe tiene 0,36 l de líquido. En cada cucharada caben 0,006 l. ¿Cuántas cucharadas se pueden tomar con un frasco de jarabe?

3. Escribe el número que expresa la cantidad que aparece en cada frase y expresa los números que has escrito en forma de producto de un número por una potencia de 10. Oriéntate con el siguiente ejemplo:

El Sol está a ciento cincuenta millones de kilómetros de la Tierra:

$$150.000.000 = 15 \times 10^7$$


a) El Sol tiene cinco mil millones de años de antigüedad.

b) Un árbol adulto puede tener trescientas mil hojas.

c) Una hormiga reina puede poner cuatrocientos cuarenta mil huevos.

4. Mariano quiere dibujar en una hoja de cuadraditos un cuadrado que contenga 784 cuadraditos. ¿De cuántos cuadraditos es el lado del cuadrado? (*acordaros de cómo se calcula la raíz cuadrada de un número*)

5. Todos los números de una de estas cajas son múltiplos de 9. ¿Qué caja es?



6. ¿Cuántos kilómetros separan a dos ciudades cuya distancia en un mapa de escala 1: 300.000 es de 3 centímetros?

7. Ana y Carlos llaman por teléfono desde la única cabina que hay en el pueblo. Ana llama cada 6 días y Carlos cada 10. Si hoy han coincidido, ¿cuándo lo volverán a hacer?

8. Tenemos un saco con 20 kilos de harina y otro con 25 kilos. Se quieren repartir los dos sacos en paquetes del mismo tamaño, sin que sobre harina de ningún saco. ¿Cuántos kilos pesará el mayor paquete posible?

## LENGUA CASTELLANA


### 1. Lee el texto con atención.

#### El oso y el madroño

En Madrid hay una estatua muy famosa: representa un oso que apoya las garras sobre un madroño. Parece que está comiéndose los frutos del pequeño árbol. Esta estatua, hecha de bronce, está colocada sobre un gran bloque de piedra. En total mide cuatro metros de altura.

El oso y el madroño aparecen en el escudo de la ciudad de Madrid desde hace mucho tiempo. Son un símbolo de la ciudad. Por eso, para recordarlos con un monumento, el ayuntamiento encargó esta estatua en 1967. Es obra del escultor Antonio Navarro.

La estatua está colocada en la Puerta del Sol, que es una de las plazas más importantes de Madrid. Por culpa de las obras, la estatua del oso y el madroño tuvo que cambiar de lugar en dos ocasiones, aunque nunca ha salido de la Puerta del Sol.



### 2. Responde a las preguntas:

¿Qué representa la estatua? ¿Cómo es? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

¿Quién la esculpió? ¿Cuándo? \_\_\_\_\_

¿Por qué es importante para Madrid? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

¿Dónde está colocada? \_\_\_\_\_

### 3. Subraya en el texto las ideas más importantes.

### 4. Escribe un resumen del texto.

---

---

---

---

---

---

---

## LINGUA GALEGA

### Os maios

Hai varias teorías para explicar a orixe da festa dos maios. Algúns pensan que naceu no Paleolítico e outros coidan que no Neolítico, cando apareceu a agricultura.

En calquera caso, o que si parece claro é que nun principio os maios naceron como un ritual para invocar dos deuses a protección dos produtos sementados na terra.

Trátase dun rito agrario, encamiñado a propiciar boas colleitas, un rito para favorecer a fecundidade da terra por medio da arte (maios), a música e a poesía (coplas). Por iso a festa celébrase na primavera, un tempo no que a terra empeza a espertar do seu longo sono invernal. Celébrase a despedida do inverno, o florecer das plantas e a chegada dos primeiros froitos.

Nos tempos modernos, os maios convertéronse en festas urbanas. Na maior parte dos casos é unha festa organizada polo concello dunha cidade ou vila.

Os maios constan de dúas partes:

– Por un lado, están os maios propiamente ditos, que son monumentos feitos cunha estrutura de madeira, que se reviste con brión, flores, carrabouxos... procurando empregar sempre elementos naturais.

– E, por outro lado, están as coplas. As coplas poden ter contido literario referente á primavera, pero o máis normal é que teñan un contido satírico referido a acontecementos recentes. Esta crítica céntrase na maioría das veces en asuntos locais, moi próximos á xente da vila na que os maios se celebran.



1. Que son o Paleolítico e o Neolítico?
2. Que finalidade tiñan os maios na súa orixe?
3. En que estación do ano se celebran? Por que?

4. Por que se di no texto que hoxe en día os maios se converteron en festas urbanas?

5. De cantas partes constan os maios? Explica en que consiste cada unha delas.

6. Que quere dicir que algunhas coplas teñen un carácter satírico?

7. Sobre que outro tema adoitan escribirse esas composicións?

Despois de ollar o seguinte vídeo a ver se sodes capaces de escribir algunha copla:  
<https://www.youtube.com/watch?v=nKC19o9QbvQ>

**CIENCIAS NATURAIS** (A electricidade e o magnetismo)

## Un mundo sen luz eléctrica



Esquecémonos do penosamente sombrío que era o mundo antes da electricidade. Unha candeia –unha boa candeia– proporciona apenas unha centésima parte da luz que xera unha única lámpada de 100 vatios. Abre a porta da neveira e terás máis luz que a cantidade total de iluminación da que gozaban a maioría dos fogares no século XVIII.

Durante a maior parte da historia, o mundo, pola noite, era un lugar sumamente escuro. Nas noites máis negras non era excepcional que o peón tropezase e se dese coa cabeza contra un poste ou sufrise calquera outra dolorosa sorpresa. A xente tiña que abrirse paso ás apalpadelas na escuridade. Para evitar tropezar ou ser vítima dunha emboscada de criminais, a xente contaba cos servizos de nenos carrexadores de fachos para que os acompañasen á casa.

Mesmo despois de que, cara a mediados do século XIX, a iluminación pública de gas se xeneralizase, cando caía a noite o mundo seguía sendo bastante tenebroso. Os farois de gas máis luminosos daban menos luz que unha lámpada moderna de 25 vatios.

Bill BRYSON: *Na casa. Unha breve historia da vida privada* (tradución e adaptación). Barcelona, RBA, 2011.

**1.** Describe esta imaxe nocturna dunha gran cidade. Cal cres que é o papel que desempeña a electricidade no aspecto que presentan as rúas e os edificios?



**CIENCIAS SOCIAIS** (A empresa e o traballo)

## A leiteira emprendedora



Era unha vez unha moza campesiña que tiña unha vaca. Despois de muxila, camiñaba a diario ata o mercado para vender o leite, co seu pintoresco cántaro artesanal sobre a cabeza.

A nosa leiteira era unha moza animosa e satisfeita coa súa sorte, pero ultimamente estaba algo inqueda. Na biblioteca pública atopara un libro que lle dera moito que pensar. Suxería a abraiante idea de que cada persoa debe elixir o seu propio camiño na vida, e que é perfectamente posible vivir facendo o que a un lle gusta. Ela endexamais se preguntara se quería pasar os seus días doutra forma que non fose vendendo leite!

Un bo día, mentres camiñaba cara ao mercado co seu cántaro na cabeza, empezou a cavilar en posibles destinos alternativos para os cartos que ía conseguir vendendo o leite: "Vou separar unha parte do que consiga para mercar cantidades extra de azucre, fariña, ovos... A partir de mañá venderei tamén sobremesas e doces! Gañarei máis que co leite, porque ao prezo de venda non só lle terei que engadir o custo dos ingredientes, senón tamén o esforzo e mais o tempo que me leve preparalos. Moitas nais con nenos pequenos e pouco tempo libre estarán encantadas de mercar os meus ricos almozos e sobremesas caseiros! Co tempo terei clientes fixos e mesmo farei entregas a domicilio. Os meus produtos terán tanto éxito que terei que contratar alguén que atenda os clientes porque eu estarei moi ocupada cociñando...".

Cristina CARRILLO: *Cuentos para aprender economía*. Nautebook, 2014.

(Reelaboración e tradución).

**1.** Observa o fotograma da película. A protagonista monta a súa propia empresa. Que produto fabrica? A quen vai destinado? Como intenta atraer os compradores? Explica por que se titula *Baby, ti vales moito*.



**2.** Que queres saber sobre economía? Pensa nalgún concepto e busca o seu significado.

**3.** Le a historia "A leiteira emprendedora" e di se as seguintes frases son verdadeiras ou falsas:

- A moza campesiña da historia dedicábase a vender o leite da súa vaca na feira.
- Unha película fixo que se decatase de que podía escoller que quería facer coa súa vida.
- Cunha parte dos cartos obtidos pola venda do leite pensou en mercar unha bicicleta.
- A campesiña decidiu empezar a elaborar sobremesas e doces.
- Pensou en como sería o seu negocio se prosperaba como ela cría, unha empresa con traballadores que a axudasen a atender os clientes.

**4.** A moza campesiña leu un libro na biblioteca. Que cres que aprendeu dese libro? Cal é o seu soño?

**5.** Busca na Internet a fábula tradicional *A leiteira e o xerro de leite*. Como remata? Que opinas da ensinanza da fábula? Compara a fábula tradicional con esta versión moderna do conto.

**6.** Explica coas túas palabras como cres que é a leiteira emprendedora. Que actitude ten? Que cousas sabe facer? Como a imaxinas?

## **VALORES**

No seguinte enlace podedes atopar curtametraxes de Educación en Valores:

<https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/familias-2/cortometrajes-educar-en-valores/>

## **PLÁSTICA**

A tarefa desta semana refírese á fotografía:

Propóñovos facer varias fotografías do voso entorno (paisaxes, animais, cousas curiosas, etc.) ou de imaxes baixadas de internet sobre a pandemia que estamos a vivir e con elas facer un collage. (insertalas todas nun documento de word, poñerlles título e pé de foto)

Aquí vos deixo dous enlaces que podedes consultar. (se non dispoñedes de ordenador para facelo podedes mandarme as fotos directamente ao meu correo)

<https://www.youtube.com/watch?v=cv9dCU2W5BM>

<https://www.youtube.com/watch?v=esJcM4n4Rjg>